



## Concello de Sarria

**ASUNTO: PROPOSTA DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO DE SARRIA PARA A ORGANIZACIÓN DO I CONCURSO DE DESEÑO E DECORACIÓN DE POSTAIS DE NADAL 2021**

**REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NA PRIMEIRA EDICIÓN DO CONCURSO DE DESEÑO DE POSTAIS NAVIDEÑAS 2021.**

### **PRIMEIRO. REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN**

- A) Participantes: Poderán participar todas as persoas residentes en Sarria en idade de 0 a 122 anos.
- B) Características das obras:
1. Deberán de estar feitas con marcado carácter do Nadal
  2. Os traballos presentados deberán ser orixinais e ser confeccionadas polas persoas concursantes.
  3. A elaboración será libre, podendo usar calquera método ou técnica e calquera tipo de material ou elemento decorativo, incluíndo material de refugallo ou produto da propia natureza; respectando sempre o formato de felicitación de Nadal.

### **SEGUNDO. MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN**

A participación farase de forma individual, tendo que ser firmada a inscrición polo pai, a nai ou titor ou titora legal dos participantes menores de idade.

### **TERCEIRO. INSCRICIÓN.**

- A) Presentación, lugar e data de inscrición: A inscrición é gratuíta e formalizárase na Biblioteca Pública Municipal de Sarria "Camilo Gonsar", entregando a felicitación nun sobre pechado, xunto co formulario de inscrición (anexo I) adxunto a estas bases, debidamente cumprimentado.
- B) Tanto as felicitacións como as inscricións entregaranse ente os días 14 e 21 de decembro de 2021 (ambos incluídos) en horario de 9:30h a 13:30h e de 16:00h a 19:00h na propia biblioteca.
- As bases do concurso e o formulario de inscrición tamén poderán ser descargados na páxina web oficial do Concello de Sarria [www.sarria.es](http://www.sarria.es) . e na sede electrónica: <https://sarria.sedelectronica.es>
- C) Aceptación das bases: Tódolos participantes no concurso, polo simple feito de participar, aceptan as bases deste concurso e as normas que rexen a súa participación.
- D) O Concello adquire os dereitos de reprodución e exposición das obras presentadas, as cales serán expostas no interior dos edificios municipais ata o 10 de xaneiro de 2021.





## Concello de Sarria

---

### **CUARTO. PREMIOS.**

Establécense os seguintes premios:

1º Premio: tarxeta regalo por importe de 300 €.

2º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €.

3º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €.

4º Premio: tarxeta regalo por importe de 150 €.

5º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €.

As tarxetas regalo soamente serán válidas en establecemnetos sarriaos.

### **QUINTO. XURADO E VALORACIÓN**

O xurado que designe a obra gañadora, estará formado por 3 persoas con coñecementos artísticos.

Na selección de traballos presentados valorarase positivamente a orixinalidade, a innovación, o deseño, a calidade da obra, a transformación de materiais e a dificultade na elaboración, así como a estética do conxunto.

### **SEXTO. COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES**

Chamarase telefonicamente a cada un dos premiados para comunicarlles o premio obtido e a forma e data da entrega. Publicarase o nome dos premiados na páxina web do Concello e nas redes sociais.

### **SÉTIMO.- OUTROS**

Todas as dúbidas, problemas e queixas que se susciten na interpretación destas bases resolveranse directamente pola Concelleira Delegada.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE À MARXE



Cod. Validación: 75QN47C PK5Y2T9W49DFRPTRKJ | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2